

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

20479 *Corrección de erros do Real decreto 1544/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica.*

Advertido erro por omisión no Real decreto 1544/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 276, do 16 de novembro de 2011, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 6, na disposición transitoria única «Peaxes de acceso que se aplicarán á actividade de xeración.», onde di: «Ata que se desenvolva a metodoloxía e se establezan as peaxes de acceso de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o prezo da peaxe de xeración que se aplique será o establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, que ascende a 0,5 €/MWh.», debe dicir: «Ata que se desenvolva a metodoloxía e se establezan as peaxes de acceso de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o prezo da peaxe de xeración que se aplicará será o establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, que ascende a 0,5 EUR/MWh, e que será tamén incluído no custo unitario de xeración dos grupos adscritos ao Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministración e se modifica o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica».